

2/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 29 XANEIRO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 29 de xaneiro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. María del Pilar Díaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Iván Martínez González e D. Genaro Prieto Iglesias. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 27.12.2019 (31/2019) E 10.01.2020 (1/2020).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, comezamos co primeiro punto que é aprobación das actas das sesións realizadas os días 27.12.2019 e 10.01.2020. Comezamos coa votación para a do 27.12.2019, votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.12.2019 (31/2019).

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale. Votamos agora a do dez do un, votos a favor, abstencións.

E o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención das concelleiras Dna. María del Pilar Díaz Otero e Dna. María Dolores González Lorenzo, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 10.01.2020 (1/2020).

2.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO COMPLEXO ACUÁTICO DOS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS (2ª PRÓRROGA).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao segundo punto, que é a solicitude de prórroga do contrato de concesión da xestión e explotación do servizo público do Complexo Acuático dos concellos de Ares e Mugardos, 2ª prórroga. Bueno, ven ditaminada polas comisións, pola comisión de seguemento de Ares e Mugardos e polas propias comisións de... respectivas. Se alguén quere intervir... Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, boa tarde a todas e a todos. Nós dicir que como xa fixemos na comisión e como xa fixemos no Pleno do ano pasado cando veu a Pleno o da primeira prórroga, que nos abstivemos, porque naquel momento entendíamos que non se daban as condicións necesarias, non tínhamos os datos necesarios, nin nós nin outros dos grupos, que hoxe si parece que cambiaron o seu posicionamento a pesar de que creo que non contamos nin cos votos... coas contas de explotación nin co resto da información. Nós dicir que naquel momento nos abstivemos e hoxe... na comisión pasada tamén nos abstivemos e hoxe no Pleno tamén nos vamos a abster, máis que nada por falta de información.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si. Boas... boas tardes. Nós neste caso imos votar a favor da segunda prórroga. O que si queremos é dicir que realmente non é... non debe de ser o habitual que se acudan ás prórrogas, que rematen os prazos, porque va en detrimento da empresa, dos traballadores da empresa, que están contratados, e sobre todo dos usuarios da piscina, pois porque ao non ter o contrato realizado pois non se pode tampouco tomar... facer as obras necesarias que sabemos que hai, que hai deficiencias, que hai que facer. E tampouco se está a cobrar pois a parte correspondente ao Concello de Ares. Entón entendemos que é fundamental que bueno, pois que á maior brevedade se consiga sacar adiante esa... esa conta de explotación, e que se asine a... o novo contrato coa concesionaria.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se queredes un segundo turno. Si, abrimos un segundo turno entón.

Sr. Mahía Prados: Si, boas tardes veciños e veciñas, concelleiros, señor Alcalde. Bueno, referente un pouco, e aclaratorio referente ao que comentaba o voceiro do BNG, o principal escollo que hai con este tema, co que ven sendo a prórroga, é que faltan por informar as contas de explotación da piscina de fai dous exercicios, e aínda non está presentada a terceira conta... en total son tres contas de explotación que non se informou nin naquel entonces. A intervención municipal agora mesmo ten orde de pagar tódalas facturas que... que se están pagando, e unha vez finalizado este proceso pois comezará a información das contas de explotación para proceder, como ben tamén dixo o voceiro do Partido Socialista, pois a subsanar as deficiencias que hai na tramitación do expediente e facer unha concesión de acordo a dereito.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se non hai máis palabras sometémolo a votación. Votos a favor... a favor votáchedes... entón xa está... non, non, votaron a favor todos... ah... perdón, si, abstencións. Abstención do Bloque.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación en data 02.12.2019 e o informe emitido pola interventora municipal en data 10.01.2020, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 15.01.2020, por 10 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

1º.- Prorrogar polo prazo de un ano, isto é, do 28.03.2020 ao 28.03.2021, o contrato de “CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO COMPLEXO ACUÁTICO DOS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, formalizado con SERVIICIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN S.L..

2º.- Notifica-lo presente acordo ao interesado, para o seu coñecemento e efectos, e que se proceda á formalización da prórroga no prazo de 15 días hábiles.

3º.- Dar traslado do acordo á Intervención e á Tesourería municipal.

3.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO N.º. 1/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto. O punto terceiro que é recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2020. Ten a palabra o concelleiro delegado de facenda.

Sr. Mahía Prados: Grazas Alcalde. Bueno, o primeiro recoñecemento extraxudicial de crédito que ven hoxe a aprobación de Pleno, é un recoñecemento extraxudicial de crédito por valor de 35.122,60 euros, e... ven acompañado de informe de intervención e ven ditaminado pola comisión correspondente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois ábrese un turno de palabras. ¿Palabras?. Pois se non hai palabras sometémolo a votación. Bueno, pois sometemos a votación o punto, votos a favor, abstencións.

Sometida a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º. 1/2020, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 20.01.2020 e o informe emitido pola intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 23.01.2020, por 10 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/2 que comezan co número de rexistro contable 2019/516 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 1.617,52 e remata co número de rexistro contable de factura 2019/1322 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA GAS &POWER, S.A, por importe de 50,92 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2020 por importe bruto total de 35.122,60 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/2 e, imputaríanse aos créditos das partidas do orzaento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente e que comeza co número de rexistro contable 2019/516 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 1.617,52 e remata co número de rexistro contable de factura 2019/1322 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA GAS &POWER, S.A, por importe de 50,92 euros, así como ordear o seu pagamento, no seu caso.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº. 2/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto, recoñecemento extraxudicial de crédito número 2/2020. Ten a palabra o concelleiro de facenda.

Sr. Mahía Prados: Este segundo recoñecemento extraxudicial de crédito é por unha contía de 81.827,82 euros. E bueno, ven tamén ditaminado pola correspondente comisión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ábrese un turno. ¿Palabras?. Si, José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, nós no outro... no punto anterior non temos nada que comentar. Si que efectivamente pois é un recoñecemento extraxudicial que se deriva da falta dos contratos, de bueno, neste caso que entendemos que o proceso de contratación está en curso e que pois ao longo deste ano quedará seguramente que todo xa, os contratos, segundo o procedemento cumprindo a normativa. Pero tamén neste caso si queremos dicir que estes dous e... este e o seguinte punto, estes dous recoñecementos extraxudiciais de crédito si que efectivamente pois tamén teñen outra casuística, e esta casuística é que, bueno, pois que son por culpa de... bueno, son provocados por non cumprir a normativa, e neste caso tamén son provocados por non e... estar incluídos nos orzamentos ¿non?. Entón cremos que é necesario para poder e... que isto non aconteza, que non sexa pois e... un recoñecemento extraxudicial de crédito unha ferramenta habitual e que se empregue continuamente no Concello, cremos que é necesario que se chegue a un acordo para que haxa uns orzamentos no Concello de Mugaros e se poida traballar sen empregar esta ferramenta extraordinaria e se poida traballar... se poida controlar mellor o gasto e sobre todo o goberno municipal, o traballo do goberno municipal.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moitas grazas. Bueno, pois entón acabados os turnos de palabra imos a sometelo a votación. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 2/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 20.01.2020 e o informe emitido pola intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 23.01.2020, por por 10 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/3 que comezan co número de rexistro contable 2019/1463 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 205,63 e remata co número de rexistro contable de factura 2019/2387 a nome de DOMINGO FRANCISCO SOUTO CASAL, por importe de 217,80 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2020 por importe bruto total de 81.827,82 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/3 e, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente e que comeza co número de rexistro contable 2019/1463 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 205,63 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2019/2387 a nome de DOMINGO FRANCISCO SOUTO CASAL, por importe de 217,80 euros, incluídas na relación contable de facturas F/2020/3, así como ordear o seu pagamento no seu caso.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

5.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº. 3/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto quinto. O punto quinto é recoñecemento extraxudicial de crédito número 3/2020. Ten a palabra o concelleiro de facenda.

Sr. Mahía Prados: Grazas Alcalde. Bueno, este terceiro e último recoñecemento extraxudicial de crédito que ven a este Pleno, xa adianto tamén aos señores concelleiros do Pleno, que estes tres recoñecementos corresponden con... bueno, as facturas que se... foron para o POS, o primeiro. O segundo de facturas, dos meses de xullo e agosto. E agora este terceiro que son facturas correspondentes ao mes de setembro de... do ano 2019. Este último recoñecemento extraxudicial de crédito o fai por unha contía de 41.255,78 céntimos, e ven ditaminado pola comisión correspondente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ábrese un turno de palabras.... palabras.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes. Imos a facer unha intervención que abarque os tres recoñecementos extraxudiciais de crédito. Vai a ser unha intervención breve. En todo caso nós con respecto ao primeiro REC, bueno, xa anuncio que imos a votar igual a favor deste REC número tres, igual que fixemos nos dous anteriores. Bueno, case a totalidade das facturas van a estar incluídas no POS 2019. Se facía aquí unha... unha referencia a que algunhas das facturas tiñan que estar no REC porque faltaba o proceso de contratación, e seguimos a falta de proceso de contratación, dicir que hai un contrato que non está en marcha, un procedemento de contratación que corresponde ao 20 de xuño de 2015, que corresponde a Siemens Renting, bueno, de cando... bueno, o Partido Popular ostentaba a Alcaldía tamén, que é unha parte das facturas que están aquí, que foi un contrato feito por 48 meses e que polo tanto se están a pagar... a pagar igual, pero o montante máis importante dos que aparecen ten que ver co subministro eléctrico, tanto no REC 2, como no REC 3. Na comisión de facenda manifestábase a nosa dúbida de que tiveran que vir pola falta de partida e que non puideran ser abonadas antes do día 30 de decembro, e creo que hai, sobre todo, en dúas das partidas, que unha é a 160, que está no REC 2, que é a partida 160, que son facturas de bombeo, cun orzamento do ano 2019, que tiña nesa partida 110.000 euros, e tal como dixo o concelleiro de facenda son facturas correspondentes a xullo e agosto cuxo valor, si sumamos as do REC número 2 da partida 160.221.00 corresponden a 28.000 euros, tendo en conta o periodo de ano que é sería difícil que esa partida estivera agotada, outra cousa é que teña que vir ao REC por non estar o proceso de contratación regularizado, tal e como pon de manifesto ademais o informe da interventora, que xa está posto en marcha dende o ano 2019, unha vez que entrou en vigor o convenio marco de contratación da FEMP. E no REC número tres, e nos referimos á partida 165.221.00 que é alumeadado público aparecen facturas por valor de 33.000 euros. Tendo en conta que a partida é de 145.000 e no periodo a que nos estamos a referir, bueno, pois é difícil tamén que non estivera... ou que non houbera dispoñibilidade de crédito, o que bueno, nos leva a pensar que aínda que como todo o mundo cre, e creo que niso coincidimos todas e todos os concelleiros aquí presentes, é xa necesario un novo orzamento anual, porque iso é ao que aspiran tódolos concellos, é obvio que aínda había dispoñibilidade de crédito para poder pagar antes do 30 de decembro polo menos algunha das facturas que veñen neste REC, outras non, tiñan as partidas agotadas e polo tanto era imprescindible que viñeran ao REC. En todo caso non é por dispoñibilidade orzamentaria senón por non ter ese contrato que esperamos, como dicía o concelleiro do Partido Socialista, que se siga o expediente en vigor e que polo tanto no 2020 poidamos ter xa adxudicado o contrato de subministro eléctrico.

Sr. Alcalde: Miguel. Segundo turno. Abrimos un segundo turno, ¿palabras?. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Ben, por aclarar varias cuestións. Referente ao... a varias... bueno, hai unha cousa que hai que ter clara, que é que estos REC, como se fai un REC, como se fai toda a tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, non é outra cousa que recoñecer nun exercicio facturas do exercicio anterior. E isto ven todo perfectamente detallado na base número 29 dos orzamentos do Concello de Mugaros, orzamentos que por suposto, e faltaría menos, os aprobou por aquel entón a Alcaldesa María del Pilar Díaz Otero, cuxas bases de execución son as que empregou para tódolos recoñecementos extraxudiciais de

crédito que fixo mentres ela foi Alcaldesa, e que di, no seu apartado un, e vou ler textualmente esta base, “Se tramitará un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores...”, o que comentaba antes, de que a tramitación do REC é de facturas da anterior, “e que deben de ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición de enriquecemento inxusto e de administtración, e que non se deriven compromisos de gasto indebidamente adquiridos polos seguintes motivos”. Isto quere dicir que a administración non pode quedarse cos cartos despois de que se haxa prestado un servizo aínda que este non fora tramitado da forma correcta. Os dous motivos polos cales se ten que tramitar un REC son: “a) Por realizarse ditos gastos sen consignación orzamentaria nos exercicios”, é dicir, non ter partida nos orzamentos, ou “b) Cando existindo dotación non se comprometera o gasto de forma debida”, é dicir, non se fixera a contratación como hai que facela. E aí puxo a lupa o voceiro do Partido Socialista durante a súa intervención. Entón referente a estes tres recoñecementos extraxudiciais de créditos que veñen, vamos a poñer pois un pouco negro sobre branco sobre como foi cada un ¿non?. Aquí se dicía de que había partida para pagar determinadas facturas e que había forma de que houbera facturas que non chegaran ao REC. Ben. No capítulo dous, programa un, deixáronnos na partida, mellor dito, na bolsa de vinculación, dez euros coma sesenta e nove céntimos, temos que imputar no REC 1, a esa partida, 17.640 euros. Capítulo 2, programa 2, na bolsa había 19,28 euros, tivemos que imputar a esa partida 1.326,76. No capítulo 2, programa 3, nesa bolsa había 3.613,62, tivemos que imputar 14.614,73. Na partida 9 había 2 céntimos, que non da nin para pagar un chicle, e tivemos que imputar cos REC setecentos setenta e nove como catro. Isto co REC número 1. O resto de... isto todo, para que tamén conste en acta, corresponde ao capítulo de gasto corrente, é dicir, gasto corrente que non é ningún tipo de gasto de persoal, ningún tipo de inversión, capítulo 2. No REC 2, por valor de 81.827 euros, na vinte e un, capítulo 2, programa un, na bolsa de 10,69 euros tivemos que imputar co REC 2 47.776 euros. Na seguinte, na dous dous, 19,28 euros que había na bolsa, tivemos que imputar 417,12. Capítulo dous, programa tres, que había 3.613,62, tivemos que imputar 24.496,23. E na bolsa dous, nove, que había 2 céntimos, tivemos que imputar do REC 2 3.688,14. Deste REC 3, no capítulo dous, programa un, que había 10,69, tivemos que imputar 20.705,48. Do capítulo 2, programa 2, que había 19,28, tivemos que imputar 12.648,76. Do capítulo dous, programa 3, que había 3.613,62, tivemos que imputar 4.950. E capítulo dous, programa nove, que había 2 céntimos, 1.819,80. Isto fai un total, bolsa por bolsa, no sumatorio total dos REC, na bolsa de 10,69 euros, nestes tres REC acabamos de imputar 86.121,63 euros. Na de 19,28, 14.452,64. Na seguinte, que había... perdón, 3.613,62, acabamos de imputar 44.060,89. E na de 2 céntimos acabamos de imputar 6.286,98. En números redondos e sumando todo, a suma que había nas bolsas do orzamento eran 88.717 euros, cos tres REC acabamos de aprobar 158.200 euros, e isto fai un desfase de gasto corrente do orzamento de máis de 69.500 euros. Así que que se veña a dicir aquí neste Pleno que había cartos nas partidas, por unha parte aquí están os datos, está o informe de intervención, que é meridianamente claro, e penso que soamente hai que saber... hai que sumar os gastos que hai de facturas e que veñen na relación do correspondente informe. E quero facer tamén mención a este informe, porque é un informe que se utiliza nos tres REC, o informe, no apartado primeiro, no principio de especialidade cuantitativa de créditos orzamentarios, establece que ditos créditos teñen carácter limitado e vinculante, por iso non se poden adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados para estos gastos, é dicir, gastar máis do que hai na partida. Para regularizar tales gastos que

non foron aplicados en ningunha partida do exercicio orzamentario, no que deberán ser aplicados, debe procederse a un recoñecemento extraxudicial de crédito, atribuíndo ao Pleno da Corporación... a adopción do acordo de aprobación deste REC. En base a isto que se di, que tampouco se tiña que tramitar por REC, no apartado quinto deste informe, o artigo 60.2 dispón que, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ao Pleno sempre que non exista dotación orzamentaria cando no expediente tramitado ao efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación. Todo elo en virtude do artigo 26.1 do Real Decreto 500/1990. É dicir, o REC que se está tramitando hoxe aquí, tal e como acompañan os informes pertinentes e á vista dos datos, é de acordo á lei, esa mesma lei que se utilizou para facer os recoñecementos extraxudiciais de crédito en etapas pasadas, porque as bases dos orzamentos seguen sendo as mesmas no ano 2017, no 18, no 19 e por agora no que vai de 20. Nada máis e grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moi ben, pois esgotado o turno de intervencións pasamos a... ¿como?. Non, este era o segundo, este é era segundo. Pasamos a votar entón. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 3/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 20.01.2020 e o informe emitido pola intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 23.01.2020, por por 10 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/4 que comezan co número de rexistro contable 2019/1987 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 259,74 e remata co número de rexistro contable de factura 2019/2202 a nome de M98 SC, por importe de 9.687,23 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2020 por importe bruto total de 41.225,78 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/4 e, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente e que comenza co número de rexistro contable 2019/1987 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 259,74 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2019/2202 a nome de M98 SCL, por importe de 9.687,23 euros, incluídas na relación contable de facturas F/2020/4, así como ordear o seu pagamento no seu caso.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

6.- COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto sexto, que é a composición da Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación Pleno do Concello de Mugardos que figura no expediente. Bueno, ven ditaminado pola comisión correspondente por tres votos a favor, 2 do PP e 1 do PSOE, e tres abstencións, 2 de Esquerda Unida e 1 do BNG. ¿Algunha cuestión?. ¿Abrimos algún turno de palabra?. ¿Algo que dicir sobre este punto?. Nada. Pois sometémolo a votación entón. Votos a favor, abstencións.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 16.01.2019 así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 19.12.2019, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 3 abstencións (2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), ACORDA:

1.- Establecer a composición da Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación Pleno do Concello de Mugardos, respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- aberto
- aberto simplificado
- aberto simplificadisimo do artigo 159.6
- restrinxido
- diálogo competitivo
- licitación con negociación
- asociación para a innovación
- procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

De maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación Pleno do Concello de Mugardos queda integrada polas seguintes persoas:

PRESIDENTE/A: Juan Domingo de Deus Fonticoba.

1ª Suplente: Begoña Roldós Iglesias.

2º Suplente: José Miguel Mahía Prados

VOGAIS:

- O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.
- O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.
- O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

SECRETARIO/A: Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Rosa Hermida Rodríguez.

2.- Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

3.- Publicar ademais, para dar maior difusión, a composición da Mesa de contratación no Boletín Oficial de la Provincia.

7.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN PARA INSTAR AO ALCALDE A PARTICIPAR EN TÓDALAS ACCIÓNS QUE SE CONVOQUEN PARA A REVITALIZACIÓN ECONÓMICA DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida-SON EN COMÚN para instar ao Alcalde a participar en tódalas accións que se convoquen para a revitalización económica das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, e o Concello Pleno, por 3 votos a favor (2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acorda rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto sétimo, que é unha moción da voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común para instar ao Alcalde a participar en tódalas accións que se convoquen para a revitalización económica das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Ten a palabra a relatora da moción.

Sra. González Lorenzo: Si, vouna a defender eu. Ben, antes de pasar ao que é a moción en si, lembrar que tódolos voceiros dos grupos municipais do Concello de Mugardos mantiveron unha xuntanza cos sindicatos, Comisións, CIG e UXT, neste mesmo Salón de Plenos para apoiar a súa iniciativa de demandar máis carga de traballo non só para o naval senón facer unha reindustrialización da comarca. Nese momento foron apoiados por tódolos nosos voceiros e incluso apoiaron a súa iniciativa de recollida de sinaturas para levar a cabo entre a nosa veciñanza. Tamén que o 27 de novembro de 2019, por unanimidade, neste Pleno se apoiou a declaración institucional e continuar as mesas de traballo para a revitalización industrial da comarca e de emprego. Tamén lembrar que como moitas veces se dixo neste Pleno que non temos intereses partidistas senón intereses da nosa veciñanza e intereses para a mellora e o benestar dos nosos veciños, tamén moi afectados por esta crise industrial. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro... perdón, me estou confundido de moción... a moción fala da grave crise socioeconómica que expuxen antes, pero a sorpresa xurde cando o Concello de Mugardos seguindo as pautas partidistas ás que me refería do Partido Popular, se desmarca e e non asista ás reunións das mesas de traballo. Este feito, unha vez que temos apoiado aos comités de empresa, e unha vez que temos aprobado por unanimidade esa moción, cremos que é un feito moi grave e que o Concello de Mugardos debe de sumarse ao traballo unitario dos concellos, sindicatos e empresarios, para impulsar reunións, movilizacións e propostas concretas que poidan axudar a que as tres comarcas teñan un futuro inmediato, e

que paremos a sangría demográfica e económica. Por todo iso o acordo da moción o que propón é instar ao Alcalde, como representante do Concello, a participar nas vindeiras convocatorias de reunión, participar nas mesas de traballo organizadas e a todas as accións que se convoquen para a revitalización económica das tres comarcas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois abrimos un primeiro turno. Quere intervir Gemino, José Ángel... Gemino, si.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós dicir que... bueno, que indubidablemente vamos a votar a favor desta moción, máis que nada porque o que pretende acordar é instar ao Alcalde como representante do Concello, bueno, tanto ao Alcalde como en quen teña a ben delegar, porque o Concello de Mugar dos ten que estar presente en todos aqueles e... en todas aquelas xuntanzas, mesas de traballo ou todas aquelas accións que se vaian a convocar para tratar de revitalizar a comarca, porque entendemos que non é moi lóxico que veñamos aquí, como ben dixo a... a poñente de Esquerda Unida, a aprobar mocións, que é certo que se aproban por unanimidade, e declaracións institucionais, e despois que no momento en que hai unha xuntanza onde o máis normal é que se vaian a tomar unha serie de medidas ou polo menos se vaia a tratar de acadar un consenso para esta revitalización, pois que o Concello de Mugar dos non vaia a ter unha representación institucional. Entón entendemos que bueno, instar ao Alcalde, ou como digo a quen teña a ben delegar como representante do Concello é algo que é necesario para... para estar nesta loita continua que non vai a facer máis que redundar en que tanto Mugar dos coma a comarca pois traten de mellorar.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, nós e... non imos instar ao Alcalde a que asista ás reunións. Nós entendemos que a revitalización da comarca é un problema que afecta a moitos traballadores mugar deses, que traballan pois para as auxiliares, para Navantía, que traballan tamén en As Pontes, para Endesa e para as compañías que traballan para Endesa, pero cremos que isto non é un órgano supramunicipal, digamos, simplemente pois é unha reunión entre os alcaldes dos concellos afectados, que por vontade deles pois se... se xuntan para pois buscar unha solución, unha saída, a esta situación, dende o que se poida, ¿non?, dende as alcaldías. Entón nós cremos que pois o Alcalde de Mugar dos por vontade propia del mesmo debería... debería de asistir a esas reunións, pero como parece que isto é unha cuestión que é unha cuestión máis ben... ven dada polos partidos políticos, porque son precisamente os alcaldes do Partido Popular os que non asisten as estas reunións, entón a decisión parece que non está tomada aquí, no Concello de Mugar dos. Quería aproveitar para lembrarlle ao Alcalde que efectivamente está gobernando aquí polos intereses do pobo, polos intereses dos mugar deses, e isto parece que responde máis ben aos intereses do Partido Popular ¿non?. Nós entendimos sempre que nos presentamos aquí como mugar deses e para mirar polos dereitos dos mugar deses e polos intereses dos mugar deses, e de non ser así pois el pon non sería nin o Alcalde neste momento. Entón hai que tomar en determinados momentos decisións que ao mellor aos partidos non lles gustan pero si que é o bo para os veciños e para a xente do pobo. Entón nada, simplemente dicir que nós ímonos abster, que é unha decisión persoal do Alcalde que debe de tomar el.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se algún grupo quere un segundo turno... senón pois pasamos á votación. Non hai palabras... bueno, pois entón sometemos a votación... ah, queres pechar... ah, si, pois entón pecha, pecha.

Sra. González Lorenzo: Bueno, nun primeiro momento este Concello si participou nesas xuntanzas e participaron alcaldes do Partido Popular nesas xuntanzas. Que logo houbera un cambio, non sei moi ben por que, porque o que estamos buscando é en interese de vida para os nosos cidadáns, para todos, o mesmo que no seu día puido buscar ou buscou ou participou o Partido Popular. Entón eu penso que non é unha decisión persoal do Alcalde, é un concello e somos uns representantes de diferentes partidos de Mugar dos os que o instamos a que participe, a que participe en defensa dos intereses dos nosos cidadáns, simple e llanamente, como fixeron ao principio disto, si por unha proximidade dunhas eleccións agora o queremos retirar pois tampouco lle vexo eu a ganancia. Entón eu rogaría que votáramos a favor e que participemos en todo o que poida supoñer unha loita e unha mellora para todos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e... simplemente, e dado que ao final aludíuse á decisión do propio Alcalde da presenza ou non nesas reunións. Bueno, eu quero dicir, que efectivamente, tal e como se dixo aquí, non é unha posición só do Alcalde de Mugar dos nin do goberno de Mugar dos, senón que é unha posición que determinaron os posicionamentos dos grupos políticos, pero é certo que tamén que ás veces, obviamente, pois hai que tomar decisións en contra tamén dos nosos partidos. En todo caso, independentemente de que hoxe imos votar en contra da moción, porque creo que é suplantar as propias decisións dos órganos colexiados e da Alcaldía, e non é competencia do Pleno dicirlle ao Alcalde, en todo caso, si debe sumarse ou non, aínda que cada grupo, como é lóxico, pode facelo, dende a súa vontade política. Independentemente de que nós vaíamos a votar en contra da moción é posible que acudamos a algunha das reunións estas. Posiblemente non esteamos de acordo nalgunhas cuestións, posiblemente nalgunhas si, e creo que é bo que para defender os dereitos e os... e as posibilidades dos nosos veciños, pois o goberno de Mugar dos tamén estea representado alí para dicir o que lle gusta e o que non lle gusta. Cuestións que obviamente vamos a dicir en calquera dos órganos onde esteamos representados, non imos facer simplemente pois unha representación simbólica, senón que imos dicir todo o que teñamos que dicir dentro desas reunións para ver, precisamente, todo aquilo que consideramos que deba cambiarse, e para obviamente pois para intentar que iso poida redundar en beneficios dos nosos veciños. Polo tanto, independentemente digo, de que vaíamos a votar porque cremos que o Pleno non é quen debe decidir sobre a votación do goberno neste sentido, pero atendendo a esas outras cuestións que se formularon neste Pleno pois obviamente este Alcalde non descarta ir a esas reunións ou delegar logo nun delegado para que teña representación este Concello e dicir o que faga falta dicir. Bueno, e pechada esta cuestión pasamos a votar a moción, votos a favor, en contra, abstencións.

8.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE INICIACIÓN DOS TRÁMITES NECESARIOS PARA A COMPRA DO INMOBLE QUE FOI CASA NATAL DO PINTOR FELIPE BELLO PIÑEIRO.

Sr. Alcalde: Bueno, pasamos ao punto oitavo, que é unha moción da voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común sobre iniciación dos trámites necesarios para a compra do inmovible que foi casa natal do pintor Felipe Bello Piñeiro. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. González Lorenzo: Ben, dende hai anos é un anhelado da cidadanía... a recuperación da casa, da memoria do pintor Bello Piñeiro, casa sita no Seixo. Xa levamos anos falando deste tema e falando do... non só da casa, para poder facer alí un centro que recupere a memoria deste pintor, senón tamén para ter un aproveitamento da parcela que tamén daría saída ao problema de tráfico que sofre O Seixo en verán, co aparcamento. E incluso para facer un aproveitamento para unha senda litoral que conecte todo O Seixo co parque de Beiramar e coa Praia da Barrosa. Logo de múltiples xestións que se realizaron diante do Arzobispado, a través do seu ecónomo e coa participación do cura-párroco de Mugarbos, e unha vez visitado o inmovible, porque necesitábase tamén o permiso do Arzobispado, e tendo autorización para levar a cabo unha valoración deste inmovible se fixo dita valoración. A Xunta Local de Goberno, na sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2019 acordou encargarse desta valoración, tamén se acordou, á vista do Protocolo Xeral, que creo que xa o coñece todo o mundo, do convenio firmado co Arzobispado en data de marzo dezanove. A citada valoración destas tarefas foi rexistrada no Concello no mes de decembro. A aspiración de converter a casa natal do pintor Felipe Bello Piñeiro nun centro sociocultural que poña en valor a súa figura e constitúa un polo de atracción para o núcleo de O Seixo, como xa dixen antes, é unha vella aspiración, e hoxe, despois de moitos anos e moitas dificultades pois está máis preto de... de ser posible. Neste convenio hai dúas opcións, ou cesión ou compra. O Grupo de Esquerda Unida cre máis favorable, tanto social como economicamente para o Concello, a compra, para poder invertir nun ben que revirta no Concello e que non pertenza a outra entidade. Polo que para iniciar este expediente o primeiro que habería que facer é mandar a valoración ao Arzobispado, por iso esta moción o que pide de acordo é, instar ao goberno municipal a iniciar tódolos trámites necesarios para a compra directa do inmovible coa referencia catastral que indica a moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois abrimos un primeiro turno, palabras. Gemino e Miguel, ¿non?, e José Ángel.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, dicir que nós indubidablemente vamos a votar a favor tamén desta moción, máis que nada porque bueno, isto xa é unha vella aspiración do Concello de Mugarbos e porque incluso cando nós gobernamos con Esquerda Unida e Iniciativa Cidadá de Mugarbos xa se diran tamén pasos neste sentido, e tamén porque entendemos dende o BNG, máis que nada, que tamén somos moito máis partidarios de comprar o inmovible, porque nunca fomos partidarios de facer inversión municipais en inmovibles que non nos pertencen, aínda que teñan un convenio de cesión de... de moito tempo. Entón como digo, vamos a votar a favor da moción para a compra do inmovible.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, nós si que estamos de acordo en que se fagan as xestións oportunas e a necesidade de que o inmovible pase a mans municipais,

sexa ben a través de cesión ou a través de compra, iso é indubidable ¿non?, que é interesante para tódolos veciños. Non obstante nós non estamos en situación agora mesmo de instar ao goberno a que inicie os trámites para tal compra, porque está... esta información á que alude o Grupo de Esquerda Unida nós non... non... nós non dispoñemos dela, non sabemos nin cal é a valoración. O compromiso incluía tamén a rehabilitación, reforma, etc... do inmovible, tampouco sabemos si nalgún momento se cuantificou canto é esa... esa reforma, e facer o parking que se propón tamén na parte de atrás desta finca desta referencia catastral. Entón entendemos que isto tería que ter pois levado unha canle... unha canle digamos normal, a través pois da comisión de facenda, seguramente, ou a de urbanismo, ou a de obras, e a través de aí pois nós teríamos a información suficiente pois para instar ao goberno a facer unha compra, tendo en conta que tampouco sabemos cal é a situación económica agora mesmo do Concello, sen orzamentos, supoño que si temos uns orzamentos en breve si que poderíamos incluír esta moción, como sabendo que dispoñemos do importe para facer a compra, sabendo cales son as pretensións do Arzobispado tamén, que tampouco... tampouco o sabemos porque non temos o informe dese acordo asinado ou preacordo asinado entre o Concello de Mugaros e o Arzobispado. Entón bueno, con estes datos que nós temos, si que somos conscientes de que é un anhelos dos mugardezes dispoñer... e o noso tamén o é, dispoñer da casa de Bello Piñeiro para... para o uso do pobo. Ao non dispoñer desta... cremos que non é a canle correcta e por iso non imos a apoiar esta moción. Ao fío disto comentar que efectivamente xa se comentou nesta... neste mesmo Pleno nalgún momento, que se votan mocións que logo non se cumpren; entón, efectivamente, si estamos votando unha moción na cal pois parece que estamos comprando a casa de Bello Piñeiro, cando, efectivamente, non sabemos nin sequera se estamos en condicións de comprala, e logo non imos a poder comprala porque ao final se ve que non hai esa posibilidade, pois non imos a cumprir tampouco a moción aínda que a votemos a favor. Entón por ese motivo nós cremos que debemos de traer as mocións xa un pouco máis pechadas, ou senón traer esta moción acordando, instando ao goberno municipal a continuar coa xestión realizada ata o de agora, porque polo grupo anterior, que para nós é unha boa xestión, que se continúe con esa... con esa xestión de cesión en uso ou compra, pois aí si que nós non teríamos ningún problema e votaríamos seguramente a favor da moción, neste caso, pois polo que comentaron, tamén son anhelos dos mugardezes moitos outros edificios e moitas outras obras e moitas outras cuestións e tampouco traemos todo a Pleno para que se lle inste ao goberno municipal.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno eu vou facer un...hoxe, tras consultar o expediente completo que está en dependencias municipais, o cal xa me comentou a miña compañeira Begoña que vaise a levar á vindeira comisión de cultura, porque claro, un sorpréndese cando por parte da poñente se di que hai unha valoración, que hai un protocolo coñecido por todos... pois polas comisións pertinentes non pasaron nin o protocolo nin a valoración, e no concello non consta ningunha valoración, polo menos dentro do expediente do que estamos a tratar. O primeiro... a primeira proposta que hai é do ano 2014, novembro de 2014, finais do goberno que por aquel entón era do BNG de Fernández Barcia, e a proposta que hai é de xardín, senda e aparcamento na parcela da casa natal do pintor Felipe Bello Piñeiro. Neste... neste informe por parte de... da arquitecta municipal faise unha proposta que está baseada en catro fases, a fase número unha, que é a limpeza da parcela e a ampliación da beirarrúa co fin de pois mellorar

a zona. A segunda fase é dotar de aparcadoiro precisamente á zona en cuestión. A terceira fase sería a creación duns xardíns vinculados ao uso da casa natal de Bello Piñeiro. E por último a cuarta fase sería a elaboración dunha senda pola... pola ribeira. Ben, isto foi en novembro de 2014. Este proxecto, despois de... en 2015, unha vez e... a finais de 2015, se puxo en contacto tanto coa arquitecta municipal para intentar e... primeiro, reflatar o proxecto e buscarlle financiación, ata que bueno, finalmente houbo unha moción de censura e mudou o goberno. Con este novo goberno de por aquel entón a alcaldesa María del Pilar Díaz Otero, o 15 de marzo de 2017 manda un escrito á Igrexa Católica que di, téndoselle remitido por este Concello no ano 2014 e tamén recentemente unha proposta de xardíns, senda e aparcamento da casa natal de Bello Piñeiro, bueno, se redactou pola arquitecta municipal, para proceder, por si é do seu interese, á cesión a este Concello da parcela, se lle comunica tamén a proposta de ampliar a cesión pois tamén á casa de Bello Piñeiro, é dicir, que pase a... o que principio era inicialmente a parcela pase tamén a casa. Logo, noutro escrito do... de 7 de xullo do 2017... xa non se fala da casa, dise que o Concello está interesado no acondicionamento dunha parte da parcela propiedade do Arzobispado de Santiago Compostela con referencia catastral ta, ta, ta... e 3.159 metros cadrados, situada na Avenida do Seixo, segundo mostra o seguinte... o seguinte cadro ¿non?, e o firma a señora exalcaldesa, e cito textualmente, en vista do anterior, e ante o incremento da poboación nos meses de verán, que require de máis espazos para os veciños, mellorando a convivencia en xeral, solicítase o seu acordo para que o Concello dispoña da parte non... e non no escrito ven en maiúscula, edificada da parcela dun área aproximada de 1.045 metros cadrados, segundo o Anexo I, para uso provisional como aparcamento, previa a retirada de restos e de materiais existentes, e acondicionamento do acceso da Avenida de O Seixo. En setembro de 2017, o seguinte documento que hai, xa é unha comunicación ao Arzobispado de Santiago, no cal pois se solicita unha reunión pola petición mencionada de... pois facer unha transferencia deste... deste ben a parte do Concello nos termos reflexados anteriormente. Isto ocorreu o 27 de setembro de 2017. O seguinte que hai no... no expediente, xa é o Protocolo Xeral de Actuación entre o Arzobispado de Santiago e o Concello de Mugardos, que data do 26 de abril de 2019, dezanove meses despois. E... creo que é unha cousa bastante... que chama bastante a atención desta estipulación que ven, é que no apartado segundo, o Concello manifesta a súa intención, se fructifican as negociacións de realizar por su exclusiva cuenta las obras y reparaciones necesarias para el fin al que se destinarían los inmuebles, así como la restauración y reparación de los muros existentes en los mismos, todos los cuales, si se obtiene el uso, quedarán siempre en beneficio de la propiedad sin que se proceda a indemnización alguna al Concello por tal concepto a la finalización de la cesión. É dicir, o que propoñía este... este acordo era... se lle cedía todo o da casa ao Concello, o Concello tiña que facer o aparcamento, tiña remodelar a casa, tiña que facer todo, pero todo quedaba en mans da Igrexa. E... nós non somos partidarios de facer unha inversión de... de a cantidade que sexa, porque como non hai memoria nin nada non sabemos o que vai a costar, pero non somos partidarios de facer neste momento esta inversión. No segundo turno explicarei o porque. Entón nós a dúbida que nos surxe é... tiveron 19 meses dende setembro de 2017 ata o 26 de abril de 2019 para intentar mercar... mercar a casa e mercar a parcela. Eu quería saber porque neses dezanove meses non iniciaron os trámites.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 20.10 horas, durante a intervención do concelleiro D. José Miguel Mahía Prados, auséntase o concelleiro do Grupo Municipal do BNG D. Argemino Varela Filgueiras, reincorporándose á sesión ás 20.12 horas durante a intervención do mesmo concelleiro no presente punto da orde do día.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, ábrese si queredes un segundo turno. ¿Alguén quere un segundo turno?. Si, abrimos un segundo turno. Palabras. Segundo turno.

Sr. Mahía Prados: Bueno, pois xa que non hai palabras no segundo turno...

Sr. Alcalde (que traducido di): José Ángel pediu a palabra e ti. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si, a min bueno... realmente quero incidir un pouco no tema de que nós si que estaríamos interesados en que o tema non se esquecese, non se deixase, porque creo que é interesante. Pero o que si, deduzo de todo isto, que do que se trata é de que isto sexa unha pedra que se tire... se saque en prensa dicindo... saír en prensa dicindo que o Partido Socialista e tal non queren que se faga... que se arranxe a casa de Bello Piñeiro. Dame mágoa realmente que si é esta a finalidade da moción daríame bastante pena, a verdade. Nada máis.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno. O motivo de porque non se fixo nada nestes 19 meses... bueno, pois o coñecemos... veñen hoxe recoñecementos extraxudiciais de crédito, e máis que vai a vir, porque os que pasaron por aquí todos coñecemos perfectamente cal era a situación económica deste Concello e non nos podíamos permitir o luxo por aquel entonces de que o goberno mercara a propiedade, por iso non o fixo. E a parte porque fixo este anuncio un mes antes de que houbese eleccións municipais, principalmente, o 26 de abril, ao mes seguinte había eleccións municipais. Entón por iso é necesario reflotar este tema. Nós pola nosa parte, recollo o guante por parte do Partido Socialista, como comentou a miña compañeira Begoña, nós non queremos que isto caia no olvido, estamos interesados pois en mellorar as condicións que ofrece o Arzobispado de prestación destes servizos para poder facer un aparcamento e adecentar a zona. Pero, vou a explicar, porque o expliquei... o adiantei no primeiro turno, porque cremos que agora mesmo, a día de hoxe, 29 de xaneiro de 2020, non é posible. E non é posible porque temos, a datos de 30 de decembro de 2019, tíñamos facturas de enero a xuño de 68.500 euros. Xullo e agosto de 98.540 euros. Facturas pendentes en setembro de 41.255 euros. De outubro de 120.462 euros. De novembro de 191.756 euros. De decembro de 373.126 euros. Isto fai un total de deuda a provedores, que había a día 30.12.2019, de 900.000 euros. A maiores destes 900.000 euros de deuda a provedores a día 30 de decembro do ano pasado, creo recordar que tamén temos unha deuda histórica co Concello de Ares de 370.000 euros, cuxo primeiro pago de 59.000 euros xa o fixo o actual goberno por mans do seu Alcalde ao principio deste mes, e unha deuda de 334.000 euros con Augas de Galicia que terá que ser saldada antes do 5 de febreiro, que xa estamos traballando niso; e que debemos máis de 120.000 euros en horas extra que non se abonaron ao persoal municipal. Isto fai un total, de herencia, de 1.724.000 euros. Nós, mentres non liquidemos este 1.724.000 euros que hai de pufo no Concello, entre provedores e administracións, non podemos plantarnos a un mes vista, a un orzamento vista, á

adquisición dun inmovible que nin sequera temos taxado. Entón a min paréceme unha irresponsabilidade que se presente esta moción, sobre todo cando vostedes eran coñecedores desta situación deste Concello, porque quero recordarlle a unha das persoas que integra o Grupo de Esquerda Unida que tiña competencia íntegra e indelegable de facenda, porque a tivo sempre. Entón, vir a un Pleno para precisamente querer sacar unha nota de prensa dicindo que votamos en contra de ter a casa de Bello Piñeiro é unha forma torticera de tapar a súa falta de xestión nun momento dado. Nós non estamos en contra de adquirir a propiedade de Bello Piñeiro, pero agora mesmo a prioridade é pagar aos provedores e sanear as contas do Concello, non adquirir bens inmoables ata que polo menos estas débedas estean saldadas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se quere a relatora pechar...

Sra. González Lorenzo: E.. agradézolle a lectura ao concelleiro Miguel Mahía, ás veces non sei si son eu que me explico moi mal ou non queremos entender, pero tamén nese convenio no primeiro punto pon en uso ou venta, e a moción, o acordo é, instar ao goberno municipal a iniciar todos os trámites necesarios para a compra directa, porque como xa dixen tamén na exposición, tanto social como economicamente ao Concello convenlle máis a compra directa para non facer unha inversión nun ben que non sería seu. Entón non sei si ás veces nos obcecamos un pouco e non queremos oír. De todos modos eu cando me da tantas cifras, tantas cifras, tantas cifras, me poño a sumar... xa debo de andar polos once millóns de presuposto do Concello, pero bueno, tendo en conta que hai 3.111.000 de arqueo, firmado e asinado polo... estou pechando... firmado e asinado, bueno, pois entón tampouco estou moi preocupada. Así que o que vou facer, como hai tempo, porque o convenio ten catro anos de vigor, aínda hai tempo, pido que se leve á comisión correspondente con toda a documentación e aí se fale e retire a moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben... Si, si, si, xa está, se retira a moción.

Faise constar que pola relatora do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común no presente punto da orde do día tense retirado á moción presentada sobre iniciación dos trámites necesarios para a compra do inmovible que foi casa natal do pintor Felipe Bello Piñeiro, tras ter solicitado que o asunto se leve á comisión correspondente con toda a documentación.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 1441/2019, 1478/2019, 1490/2019, 6/2020, 10/2020 E 51/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois retirada a moción pasamos ao seguinte punto, que é o punto noveno, dar conta das resolucións da alcaldía números 1441/2019, 1478/2019, 1490/2019, 6/2020, 10/2020 e 51/2020.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1441/2019, de 19.12.2019**, sobre nomeamento das/os presidentas/es das comisións informativas.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1478/2019, de 27.12.2019**, sobre delegación de competencias nos membros da corporación municipal.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1490/2019, de 30.12.2019**, sobre determinación de concelleiros/as que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva e parcial.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 6/2020, de 03.01.2020**, sobre fixación dos días e horas de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 10/2020, de 08.01.2020**, sobre delegación de competencias nos membros da corporación municipal.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 51/2020, de 17.01.2020**, sobre delegación da representación do Concello na Comunidade de Propietarios de Eduardo Pondal nº. 1 no concelleiro D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

10.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE ADSCRICION DE CONCELEIROS/AS ÁS COMISSIONS INFORMATIVAS E DE MODIFICACIÓN DA DESIGNACIÓN DE VOCEIROS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto número dez, dar conta dos escritos de adscripción de concelleiros-concelleiras ás comisións informativas e de modificación da designación de voceiros. Bueno, non vou a nomear a tódolos titulares, pero xa figuran no expediente e xa o viron tódolos concelleiros.

O Pleno da Corporación dase por informado da adscripción de vocais realizada polos grupos municipais ás Comisións Informativas e Comisión Especial de Contas que quedan integradas tal e como figuran no expediente.

Así mesmo, o Pleno da Corporación dase por informado da modificación da portavocía efectuada polo Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común, segundo documentación obrante no expediente.

E o Pleno da Corporación dase por informado da designación de voceiros titulares e suplentes do Grupo Municipal do Partido Popular, segundo documentación obrante no expediente.

11.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 1441/2019 A 1496/2019, AMBAS INCLUSIVE, E DA 1/2020 Á 66/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ben, o punto once é dar conta das resolucións ditadas polo Alcaldía dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións número 1441/2019 á 1496/2019, ambas inclusive, e da 1/2020 á 66/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 1441/2019 á 1496/2019, ambas as dúas inclusive, e da 1/2020 á 66/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, antes de pasar a rogos e preguntas creo que hai algunhas mocións por urxencia que algún grupo vai a presentar, parece ser, ¿non?. Si. Gemino.

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós temos unha moción pola vía de urxencia, que é a moción para a mellora da sanidade pública, e que bueno, presentamos na Xunta de Voceiros, pero según parece aplicando o regulamento estaba fora da orde do día, e entón por iso a presentamos pola vía da urxencia. E para xustificar a urxencia máis que nada vou a dicir que a urxencia creo que está xustificada porque o primeiro punto dos acordos non é outro que o de apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública o vindeiro 9 de febreiro en Compostela. Polo tanto se non sae a aprobación desta moción, bueno a aprobación ou o rexeite desta moción, no Pleno este, non daría tempo no Pleno do mes de febreiro a poder levar a cabo o primeiro punto dos acordos desta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois imos someter á urxencia, entón, a moción do BNG. Despois miramos o resto que presentáchedes, ¿vale?. E... votos a favor da urxencia, votos en contra. E... non se conseguiu a maioría suficiente para pasar a urxencia.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 6 votos a favor (3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), non declarar de urxencia o asunto: “**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA**”, ao non terse acadado o quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ben, o Partido Socialista tiña tamén ¿non?, dúas mocións, ¿pode ser?.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Pero estábamos pensando que non as imos presentar, as imos deixar, imolas presentar no vindeiro Pleno, xa que non se admitiu a de Gemino e estamos nas mesmas circunstancias... a do BNG, perdón, pois non imos presentar as nosas tampouco.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se retiran entón.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón a rogos e preguntas. Punto duodécimo. Comezamos polos rogos, por favor, se algún concelleiro da corporación ten algún rogo por facer este é o momento. Si. Si.

Sra. González Lorenzo: Si, teño dous rogos. Un é dadas as contínuas avarías que estaba habendo na telefonía, en concreto na parroquia de O Seixo, porque son continuadas no tempo e cada vez collen a máis veciños. Hai unhas Xefaturas Provinciales de Inspección de Telecomunicacións e hai artellado un sistema para que dende o Concello se dea un aviso de avaría masiva. Entón rogaría que o fixéramos porque en vista de que non lle están facendo caso aos veciños ou llo fan moi tarde, bueno que interviñamos como Concello para poder lograr isto. E teño un segundo rogo, que non o tiña, pero en vista das intervencións o vou a facer aquí agora. Dado que tamén todo o departamento de intervención está volcado en pagar facturas porque é a prioridade, dixo o concelleiro de facenda, ¿non?, para que cobren as facturas tódolos provedores e demais, tamén pregaríalle que lle dea prioridade a pagar aos doce veciños que están esperando polas axudas pendentas do ARRU, que tamén levan un tempo e é tan prioritario unha cousa coma a outra. E iso en canto aos rogos.

Sr. Mahía Prados: Unha aclaración referente a... e recollo o rogo do tema do ARRU, e xa ten a intervención indicacións para finalizados os trámites destes REC na vindeira semana comezará a examinar a documentación, pero tamén quero recordar que a tramitación destes expedientes non é de agora, ven de varios meses atrás. Entón pois eu tamén rogaría que cando ten a responsabilidade de actuar actúe en consecuencia, non a touro pasado.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ás preguntas. Bueno, e... Gemino, ¿queres comezar?. Si.

Sr. Varela Filgueiras: Ben, eu teño dúas preguntas de resposta oral. A primeira delas é que é de supoñer que o goberno municipal sexa coñecedor da problemática existente no enlace das estradas que veñen de Ares e Mugar dos cara ao polígono de Vilar do Colo, como resultado da falta de evacuación das augas e das conseguíntes e reiteradas inundacións que se producen na incorporación da rotonda situada en Franza, cos conseguíntes prexuízos e riscos potenciais que se producen para as persoas usuarias dese vial na devandita zona. E polo tanto a pregunta é para o señor Alcalde, e é ¿si ten previsto o goberno municipal levar a cabo algunha medida con carácter urxente para instar á Xunta de Galiza a que resolva o problema estrutural que motiva a situación da que estamos a falar?. E... fágoche a seguinte ou...

Sr. Alcalde: Si, si.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, a seguinte non é para ti, pero bueno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, pero contestámoche a todas...

Sr. Varela Filgueiras: Si, a seguinte que é... bueno todos sabemos que se están a levar obras a cabo no Pavillón Municipal, e que estas contan cun retraso importante, coa conseguinte problemática que todo isto está a supoñer para toda a nosa veciñanza, veciñanza que non dispón de ningún outro emprazamento axeitado para poder desenvolver as súas actividades en condicións óptimas. Polo tanto a pregunta é para o concelleiro de obras, servizos e medioambiente, e é ¿si contempla o goberno municipal algunha data aproximada para o remate das devanditas obras?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moi ben, ¿queres contestar ti primeiro?. Gemino, ¿pechas o micrófono?. Grazas.

Sr. Kuntz Peiteado: Bueno, si, e... referente ao pavillón falei coa empresa, e falta por pintar unha zona exterior que debido aos temporais e todo isto aínda non se puido pintar. E pasou tamén que ese mesmo muro colleu humidade, entón para recepcionar a obra faltaría acabar esa pequena, ese pequeno remate. Se baraxa máis ou menos, se baraxaba esta semana, pero veu un novo temporal, para acabar ese pintado, e logo hai que falar coa Deputación para que envíe ao técnico, que son mais ou menos quince días. Entón diríamos tres semanas ou unha cousa así, máis ou menos. Grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Queres comentar algo máis?.

Sr. Varela Filgueiras: Non. Non.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non. Bueno. Referente á pregunta que me dirixes, referente a se imos a facer algunha medida con carácter urxente para instar á Xunta de Galicia a resolver o problema estrutural da situación que estamos a ver da Vía Rápida. Pois dicirche que xa fai quince días fixen unha comunicación coa Xunta de Galicia con ese respecto, polas numerosas inundacións que se veñen provocando xa dende fai bastantes meses, e hoxe, hoxe, estiven co Xefe Territorial de... de... da Axencia de Infraestruturas, para visitar algunhas cuestións referente ás... ás tramitacións... de algunhas autorizacións de estradas, e lle tratamos precisamente esta cuestión. Esta cuestión que o colleu ademais con preocupación e que nos dixo que van a facer unha actuación en breve para poder canalizar, están facendo un estudo topográfico, e que en todo caso van a someter unha obra o antes posible para darlle unha solución definitiva a ese... a esa cuestión.

Sr. Varela Filgueiras: ¿A xuntanza foi aquí?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, foi en Coruña.

Sr. Varela Filgueiras: Ah, o digo porque podía aproveitar e ir hoxe por alí, porque tamén estaba pechado.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, xa estivo, xa estivo alí. Vale. E... bueno, seguinte pregunta e... imos ver, concelleira Dolores González.

Sra. González Lorenzo: Ben, dúas preguntas de resposta oral. E... para a concelleira delegada de turismo. Dende o 5 ao 9 de febreiro a cidade de Ourense acolle un ano máis Xantar, a única Feira internacional de Turismo Gastronómico acreditada da Península Ibérica. E un ano máis a Deputación da Coruña asistirá cun stand propio dando entrada ós Concellos para promocionar as súas Festas Gastronómicas. O Concello de Mugardos leva dende o ano 2017 asistindo de forma ininterrompida para promocionar a súa Festa do Polbo á Mugardesa, sendo moi ben acollido o showcooking protagonizado por diferentes cociñeiros-cociñeiras, así como a empanada de polbo á mugardesa. ¿Podería indicarnos en que día e hora vai celebrar o Concello de Mugardos o showcooking, a cargo de quen estará a súa realización este ano, incluíndo a degustación da empanada de polbo á mugardesa?.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Boas tardes a todas e a todos. Bueno, o equipo de goberno estudou esta posibilidade, e finalmente non se vai a realizar o showcooking este ano e non imos ter representación en xantares tampouco.

Sra. González Lorenzo: Unha mágoa. E a segunda pregunta é, o 20 de abril de 2019 celebrouse a primeira Festa da Ameixa de Mugardos, organizada pola Confraría de Pescadores “San Telmo” coa colaboración, entre outras entidades e empresas, do Concello de Mugardos que asinou un convenio por valor de 6.500 euros. O éxito da nova festa gastronómica, sumada á Festa do Polbo, sitúa a Mugardos, os seus produtos e a súa restauración nun referente para os visitantes e pon en valor os nosos produtos. ¿No ano 2020 asinará un novo convenio o Concello coa Confraría de Pescadores “San Telmo” para celebrar a Festa da Ameixa de Mugardos na data de referencia?.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): E... si, de feito onte nunha reunión o Patrón Maior, que tivo co Alcalde, xa se lle comunicou esta situación, que si, que imos a renovar o convenio e imos realizar unha nova edición da Festa da Ameixa.

Sra. González Lorenzo: Bueno, pois alegrámonos moito, e que se amplíe tamén ese convenio de colaboración para a rexeneración da Ría, como pide a Confraría.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Bueno e... faláronse de diversos temas co Patrón Maior, non só se falou dese, entón xa se irá vendo, xa se irá vendo o que se falou.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, teño dúas... dúas preguntas. As dúas son para Jorge, para o concelleiro de obras, e as dúas están relacionadas co obxectivo da economía baixa en carbono.

A primeira pregunta era, dunha subvención concedida xa en decembro de 2018, de 192.000 euros e que en 9 de decembro de 2019 se asinaba o contrato para comprarse ao adxudicatario. Bueno, tras ver nas resolucións que veñen ao Pleno que xa se aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, si podería indicarnos cando vai a dar comezo a obra. E vou ler a segunda, porque ten relación ademais con este mesmo obxectivo e este mesmo programa, e era que no ano 2019 se adxudicou o servizo de redacción do proxecto, dirección técnica... bueno, e coordinación de seguridade e saúde que completan o entramado dos catro cadros da zona de O Seixo, que non están contemplados no que nos estamos a referir na primeira pregunta. O proxecto ten un valor de 244.261,49 euros, e tamén en resolución de alcaldía aparecía que foi presentado ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, e a pregunta é ¿si o goberno actual vai a seguir a senda marcada de actuacións no alumeado público dentro do obxectivo de economía baixa en carbono?.

Sr. Kuntz Peiteado: Si, vou empezar respondendo pola segunda pregunta. A resposta é si, seguindo o cauce administrativo legal. E tamén, enlazando coa primeira, que están moi ben detalladas as calles, falta engadir a Areosa, que tamén está incluída no Plan, e... tra-la firma do replanteo, que foi o venres da semana pasada, iniciárase o periodo de fabricación das luminarias, que levará aproximadamente un mes, segundo a empresa adxudicataria. E logo quedan dúas... dous meses para finalizar as obras. Entón máis ou menos empezarán en febreiro, finais de febreiro un pouco antes. E referente ao rogo que me fixo Lola, sabemos do sistema, grazas á labor tamén da Policía Local pasáronse tódalas avarías, e a resposta que temos de telefónica é que están dando solución o máis rapidamente posible, cos seus medios, a todas estas. Non é só o cable, tamén hai zonas que teñen o 4G através de telefonía e tamén estas están avariadas, pero se van solucionando pouco a pouco. Si, polos veciños tamén e polo concello... o que pasa é... nós notificaron os veciños tamén. E tamén postes... postes que hai caídos.

Sr. Alcalde: Bueno, e... Marta. Marta.

Sra. Ruiz del Ganso (que traducido di): Boas tardes. Bueno, pois nós queríamos e... preguntar ao Alcalde ou a quen corresponda, primeiro, que nos meses pasados... nos pasados meses comezamos as xestións... se comezaron xestións para o pintado e sinalización da Rúa Os Corzás, zona na que se produciron varios accidentes o ano pasado e que presenta unha sinalización deficiente. ¿Continuaron ou programaron algunha actuación na zona?. E a outra pregunta sería, ¿si vai a reclamar a reparación do vial AC-133 dende a piscina ata Rilo que se atopa en mal estado con multitude de fochancas e desniveis?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, a primeira pregunta vaina a contestar o concelleiro de obras.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Bueno, á primeira pregunta a resposta é si, pedíronse varios orzamentos a empresas para pintado e sinalización. Ademais tamén se falou con outras para materiais de sinalización tales como captafaros con led que se colocarían nos pasos de peóns. Entón nese sentido si comezamos os trámites para poder sinalizar correctamente e tendo en conta que por alí está a zona de colexios tamén.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e referente á segunda cuestión, a reparación da AC-133 dende a piscina ata Rilo que se atopa en mal estado, e... hai dúas cuestións, a primeira é a senda Franza-Rilo, que estaba paralizada, e se falou tamén co Director da Axencia Galega de Infraestruturas para que se acometa de novo esa... esa senda que tanto necesitan os veciños de Franza, e polo tanto hai un compromiso por parte da Xunta de Galiza para que se poida acometer de novo esa exposición pública, que xa estaba realizada, e se comecen os traballos o antes posible para volver a recuperar esa senda que estaba comprometida cos veciños. E por outra banda, entendendo tamén que puidese haber unhas obras alí, o lóxico é tamén coordinar eses traballos para que si hai unha... unha... loxicamente uns traballos de maquinaria pois poidan coordinarse por parte da Xunta de Galicia o novo arranxo tamén en base a esas obras que estean aí pendentes. O micro, perdón.... o costume... Bueno, en todo caso non habendo máis preguntas levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE